



## **R renova a súa colaboración co Círculo para seguir acompañando empresas galegas co foco na ciberseguridade**

- *Como en anos anteriores, ambas as entidades porán en marcha un programa variado de encontros para mellorar o modelo de negocio do tecido empresarial galego e adaptalo aos cambios do mundo dixital e tecnolóxico, con especial incidencia este ano no tema urxente da ciberseguridade.*
- *Retomárase o ciclo das “Mulleres na empresa actual” para fomentar iniciativas e debates en torno ao papel feminino na actividade da empresa ou en postos de responsabilidade e abordar outros temas como muller-empresariado ou muller-novas tecnoloxías.*
- *O presidente do Círculo de Empresarios de Galicia e o director de R revalidaron esta semana o convenio de colaboración e patrocinio na sede do Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo.*

**Xoves, 1 de febreiro de 2024.-** A colaboración recentemente renovada entre o operador galego de telecomunicacións e a entidade empresarial viguesa dálle máis percorrido a unha alianza mantida dende hai anos entre ambas as dúas, procurando sempre proxectos e accións de valor para o tecido empresarial galego. É dicir, revalídase, tamén en 2024, o compromiso do Círculo e de R con Galicia e a súa confianza mutua a través de vías de colaboración que perseguen basicamente o desenvolvemento socioeconómico da comunidade e a formación das empresas galegas para competir en calquera mercado mundial.

**Manuel Rodríguez**, presidente do Círculo de Empresarios de Galicia, e Alfredo Ramos, director de R, asinaron esta semana na sede do Círculo ese acordo que converte o operador galego en patrocinador e colaborador institucional da entidade tamén este ano.

Para o **Círculo**, a renovación deste acordo de carácter estratéxico reafirma a aposta da asociación empresarial pola formación. Especialmente relevante é o feito de contar, no actual escenario dixital, cun socio tecnolóxico galego como asesor dixital dos socios do Círculo, segundo o seu presidente.

O director de **R**, Alfredo Ramos, manifestou que *“é unha satisfacción renovar este acordo de colaboración co Círculo de Empresarios de Galicia pois a nosa alianza se mantivo ao longo dos anos, centrándose en proxectos e accións de valor para o tecido empresarial galego. Lográmoslo coa divulgación de ferramentas e servizos que facilitan a transformación dixital das empresas galegas e prestando moita atención, no contexto actual, ás decisións baseadas en datos, intelixencia artificial e, especialmente, en ciberseguridade”*.

## **Encontros de Innovación e almozos R: sobre todo, ciberseguridade**

Como en anos anteriores, ambas as entidades porán en marcha un programa variado de encontros para mellorar o modelo de negocio do tecido empresarial galego e adaptalo aos cambios do mundo dixital e tecnolóxico tamén na era da Intelixencia Artificial.

Centrada en innovación e transformación dixital, a planificación dos **almozos R** deste ano tratará temas clave da actualidade tecnolóxica para o contexto empresarial dos nosos días como o relativo ás novas ferramentas de IA, Big Data, *chatbots*, Internet das cousas, *blockchain*...

Pero este ano, por imperativo da actualidade e polas propias esixencias do mercado, porase atención especial á formación das empresas para crear contornas dixitais seguras. De aí o obradoiro empresarial celebrado esta mesma semana na sede do Círculo onde Javier Franco, director de Márketing Empresas de **R**, dirixiuse a un auditorio de profesionais e empresarios/as para falarlles de “ciberseguridade non só para técnicos” e ofrecerlles algunhas claves que os/as axuden a protexer mellor os seus negocios.

Os encontros, en formato dixital ou híbrido (presencial + dixital) para facilitar o acceso e o seu alcance, diríxense basicamente a empresarios/as e executivos/as, e contarán coa participación dun convidado/a especial, referentes na súa respectiva actividade profesional.

Ademais, **R** participará nun **ciclo de xornadas públicas en formato de mesas redondas**, onde se tratarán as tendencias do mercado co acento posto as achegas e na transformación das novas tecnoloxías e a innovación sobre determinados sectores de actividade empresarial.

## **Nova edición de “As mulleres na empresa actual”**

Por outra banda, ao longo deste ano, o operador galego colabora institucionalmente, por terceira vez, no ciclo de encontros do **programa “As mulleres na empresa actual”** dedicados a iniciativas de igualdade de xénero na empresa: *“A muller, no centro do cambio empresarial”*, *“O papel das mulleres na actividade empresarial, un alicerce de presente e de futuro”*, *“Mulleres directivas e emprendedoras”*, *“Mulleres no ecosistema emprendedor tecnolóxico”*, *“Inspirando: casos de éxito en diversidade de xénero”* e *“Mulleres e tecnoloxía: o reto do STEAM”*.

De feito, o primeiro destes eventos celebrouse o pasado 25 de xaneiro, centrado nas mulleres líderes a todos os niveis: conselleiras, directivas e empresarias, e contou, entre outras mulleres do mundo da empresa, coa participación de Beatriz Novoa, responsable de Vendas de **R**. O mes que vén desenvolverase outro destes encontros para falar novamente da muller na empresa actual e futura coincidindo coa celebración do *Día da Muller* o 8 de marzo.

### **sobre o Círculo de Empresarios de Galicia**

*O Círculo de Empresarios de Galicia, concibido hai 30 anos como punto de encontro para empresarios/as, directivos/as e profesionais, eríxese como foco central de negocios na comunidade dende a súa sede en Vigo. É parte activa da sociedade civil e pretende contribuír ao desenvolvemento e benestar socioeconómico de Galicia. Así, entre os seus obxectivos atópanse: impulsar unha cultura emprendedora e dinámica; reforzar o liderado social e económico de Galicia e potenciar o desenvolvemento e consolidación da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal; ser unha organización de referencia para os organismos públicos e as forzas sociais en todos os temas que lle afecten ao desenvolvemento económico; fomentar o intercambio de experiencias e a difusión de análises socioeconómicas e novas tendencias co fin de contribuír á competitividade das empresas galegas e fortalecer un marco de relacións empresariais que promova a cooperación entre os/as empresarios/as e axude ao acceso a novas oportunidades de negocio.*

### **sobre R**

*R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. R, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. R é, ademais, unha das empresas do Grupo MASMOVIL que, en menos dun ano, se converteu na súa insignia en Galicia e impulsou os seus resultados polas súas afinidades nos valores esenciais de orientación ao cliente, axilidade, sostibilidade ou proximidade. Entre eses logros están, por exemplo, superar a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e o 90 % da poboación de Galicia con dispoñibilidade de acceso ao 5G.*

### **comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)